

Rosa Mouzo Villar (2008): “Variación nos nomes de parentesco a través do material galego do ALPI”, en Alexandre Veiga / María Isabel González Rey (coords.): *La diversité linguistique*. Lugo: Axac, 207-212.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

VARIACIÓN NOS NOMES DE PARENTESCO A TRAVÉS DO MATERIAL GALEGO DO ALPI

Rosa MOUZO VILLAR

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

0. INTRODUCCIÓN

O obxectivo desta exposición é analizar a variación nas respostas do léxico de parentesco. Os materiais que empregarei para isto son as preguntas que forman parte do léxico do material galego do *ALPI* (*Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*).

1. O *ALPI*

O *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* foi ideado a principios do século XX polo lingüista Ramón Menéndez Pidal como un atlas das variedades romances peninsulares. Tomás Navarro Tomás, discípulo de R. Menéndez Pidal e lingüista adicado fundamentalmente á fonética, encargouse da dirección do proxecto e formou un equipo de enquisadores para o labor da recolección dos materiais constituído por investigadores das principais áreas lingüísticas peninsulares : Francesc de Borja Moll, Aurelio M. Espinosa (fillo), Armando Nobre de Gusmão, Aníbal Otero, Lorenzo Rodríguez-Castellano e Manuel Sanchís Guarner. Os investigadores completarian as 828 preguntas dos cadernos nos 528 puntos de enquisa seleccionados¹.

O traballo foi desenvolto na súa meirande parte na época previa á Guerra Civil española (anos 1931-1935), pois a contenda iniciada polo xeneral Franco en 1936 puxo fin ás ilusións dos lingüistas que participaban nesta tarefa. Uns anos despois da guerra (1947-1954) completouse o traballo dos puntos da área portuguesa e catalana que faltaban. Os resultados das enquisas ían publicarse en 10 tomos, pero finalmente só o primeiro deles, dedicado á fonética e con só 62 mapas, saíu á luz en 1962.

Houbo que esperar ó ano 1999 para que o profesor David Heap, da Universidade de Ontario (Canadá), retomara os estudos sobre o *ALPI* e puxera a disposición dos investigadores, a través de internet, parte do material dos cadernos de enquisa. Tamén un equipo do ILG da USC dirixido por Xulio Sousa está a traballar na informatización dos materiais galegos do *ALPI* coa intención de que en pouco tempo todo o esforzo do traballo de Navarro Tomás e dos seus colegas se vexa recompensado cando todo o material recollido por eles vexa a luz.

¹ Os puntos de enquisa escollidos serían lugares en zonas rurais (algunha delas vila, pero nunca cidade) e o prototipo de informante era : home, duns cincuenta anos aproximadamente, le con dificultade e dedícase ós labores agrícolas.

2. OS NOMES DE PARENTESCO NO ALPI

Contamos con tan só catorce nomes de parentesco nas preguntas do cuestionario do *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*, e aínda que todos eles son do noso interese, tamén botamos en falta algúns outros que nos axudarían a coñecer máis a sociedade da época na que se desenvolveron os traballos, pero como xa vimos anteriormente, o interese de Navarro Tomás, director do proxecto, era fundamentalmente lingüístico-fonético. Non se debe esquecer que este atlas era un proxecto a nivel peninsular, e polo tanto, os lingüistas non podían deterse minuciosamente en aspectos lingüísticos de interese para unha soa lingua. Por este motivo, os investigadores tiveron que pensar en facer un cuestionario xeral e formular unhas preguntas das que puidese extraerse información de interese para todo o territorio.

As preguntas referidas a nomes de parentesco son as seguintes: (1) *Padrino*, (2) *Esposa del padre (madrastra)*, (3) *Marido de la madre (padrastra)*, (4) *Hijo del marido o de la mujer (hijastro)*, (5) *Hermano por matrimonio entre viudos (Hermanastro)*, (6) *Hijo ilegítimo*, (7) *Ahijado*, (8) *Padres de los cónyuges (consuegros)*, (9) *Padre y padrino del niño (compadres)*, (10) *Hijo de pila (ahijado)*, (11) *Hijos del hermano (sobrinos)*, (12) *Hijo del hijo (nieto)*, (13) *Hijo menor* e (14) *Formas infantiles del nombre de la abuela*.


ANÁLISE DAS RESPOSTAS

Atendendo á variación nas respostas, estas poden dividirse en dous grupos: *sen variación* (aquelas que ofrecen respostas cunha soa raíz –aínda que presenten variacións de tipo fonético ou sufixal) e *con variación* (aquelas que presentan máis dunha raíz).

A) Sen variación


Neste grupo encontramos a maioría das respostas ós nomes de parentesco polos que se preguntaba no ALPI. Doce das catorce formas sinaladas (vid. supra) presentan unha unanimidade clara nas súas respostas. O exemplo prototípico deste grupo é o de *compadres*, onde, como ben podemos comprobar no gráfico, aparece unha única resposta clara e estendida totalmente por toda Galicia, pois só se rexistra un único punto en que non hai resposta ningunha:

Gráfico 9. Padre y padrino del niño (compadres)



O que se observa neste caso é o mesmo que no caso de *padriño*, *hermanastro*, *consogros*², *afillado* (« hijo de pila »), *sobriños* ou *neto*, ou mesmo en *madrasta* (ver gráfico), *padrastra*, *fillastro* ou *afillado*, sendo que estes últimos presentan unha mesma resposta pero con alteracións nos sufixos finais ou mesmo unha pequena alteración no lexema ou raíz.

Gráfico 2. Esposa del padre (madrasta)³




² O caso de consogros difire un pouco do resto, xa que a resposta maioritaria é *consogros* con tan só 19 respostas, seguida de *parceiros* con 2 respostas e de *compadres* con só 1.

³ 2r : segunda resposta

B) Con variación

Baixo este segundo grupo encadramos as dúas respostas que nos quedaban sen agrupar no apartado anterior : *fillo de solteira* e *fillo menor*. Ambas as dúas formas, que trataremos de forma individualizada a continuación, presentan unha enorme variación nas súas respostas.


Gráfico 6. *Hijo ilegítimo*



Os fillos de solteira sempre foron habituais en Galicia, de aí que atopemos resposta en practicamente todos os lugares e tamén unha variedade de nomes importante. Os que máis se repiten son *fillo de porta aberta*, *fillo de/do paleiro* e *fillo de moza solteira*, que aparecen en seis lugares distintos cada un deles. A estes séguenos *fillo de moza* en cinco lugares e *fillo de solteira* e *fillo de peta á porta* en catro puntos diferentes cada un. Baixo a denominación de *outros* agrupamos os nomes que aparecen en só tres, dous ou un só lugar : *fillo do erro*, *fillo do achego*, *fillo do mundo*, *fillo de golpe lixeiro*, *fillo de quen quixo*, *fillo do mato*, *fillo de a pé do toxo*, etc.

Todos estes nomes que acabamos de ver, coa excepción de *fillo de moza solteira* ou *fillo de moza / de solteira*, son perífrases eufemísticas, que agochan os pensamentos que a sociedade da época tiña sobre os *fillos de solteira*, mediante estes nomes encubertos, tan comúns en todas as culturas rurais.

Gráfico 13. *Hijo menor*



Neste nome tampouco atopamos a uniformidade dos casos anteriores. A variedade é de novo a predominante. Localizamos once puntos que nos dán como resposta *o do/s mimo/s*, dez que nos ofrecen a forma *tapafurados* ou *tapaburatos*, oito coa forma *cerraportelos* e quince puntos que agrupamos baixo o nome de *outros*, porque en cada punto hai unha variante distinta : *tirizó, rastreiro, redrollo, tapacaneiros, o dos raspallos, o dos gangos, o serodio, o tapaportas, o cerracancelas, etc.*

Como segunda resposta aparecen tres novas variantes que se recollen en seis puntos distintos : *tapaburatos, o do/s mimo/s* e *o serodio*.

O caso do *tapafurados* podemos relacionalos co do *fillo de solteira*, xa que todos os nomes que aparecen aquí como resposta son case todos eles nomes compostos e dun valor que vai máis alá da simple denotación, como acontecía no caso que acabamos de salientar, o do *fillo de solteira*.

3. CONCLUSIÓN

Neste traballo tentei reflexar a importancia lingüística dun atlas coma o *ALPI* polos datos que nos facilita e que axudan a enriquecer o coñecemento da nosa lingua e a ampliar horizontes nos nosos estudos de dialectoloxía. Tentei ofrecer os datos máis interesantes respecto dos nomes de parentesco, tema elixido porque un nome tan común como pode ser *o tapafurados* ou o *fillo de solteira* amósanos a variedade e a riqueza lingüística que existía en Galicia nunha época non tan lonxana, así como tamén a unanimidade noutros nomes como *afillado* ou *neto*. Este tamén me parece un tema interesante polo feito de que este vocabulario, aínda que non sexa moi extenso, ofrécenos unha imaxe clara da sociedade da Galicia daquel tempo, non só desde o aspecto lingüístico (déixanos ver a influencia dos

castelanismos, o caso de *avoa* é paradigmático⁴) senón tamén desde o aspecto antropolóxico, pola maneira de darlle nomes ás relacións (destaco aquí o caso de *fillo de solteira* e de *fillo menor*).

⁴ As respostas que se dan para a pregunta *Formas infantiles del nombre de la abuela* son : *mamá* e derivados (en 12 puntos), *bolita* (8), *madriña* (6) e sen resposta (20).